

INSTRUCCIÓN DO 27 DE ABRIL DE 2020, DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DO TERCEIRO TRIMESTRE DO CURSO ACADÉMICO 2019/20, NOS CENTROS DOCENTES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

**ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA
CURSO 2019/2020**

**CENTRO: CEIP DE PETELOS- MOS
CURSO: 3º ED. PRIMARIA**

índice

1. LINGUA E LITERATURA CASTELÁ E GALEGA
2. EDUCACIÓN ARTÍSTICA (PLÁSTICA)
3. VALORES SOCIAIS E CÍVICOS
4. CIENCIAS NATURAIS.
5. CIENCIAS SOCIAS
6. MATEMÁTICAS
7. EDUCACIÓN ARTÍSTICA MÚSICA
8. ED. FÍSICA
9. RELIXIÓN
10. LINGUA INGLESA

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

CEIP DE PETELOS

CURSO 2019/2020

3º PRIMARIA

*LINGUA E LITERATURA CASTELÁ E GALEGA
*EDUCACIÓN ARTÍSTICA (PLÁSTICA)
*VALORES SOCIAIS E CÍVICOS
*CIENCIAS NATURALS.
*CIENCIAS SOCIAIS
*MATEMÁTICAS

INDICE

- 1- Introducción e contextualización.**
- 2- Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 3- Concreción dos bloques de contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.**
- 4-Temporalización.**
- 5. Concrecións metodolóxicas.**
- 6- Procedementos e instrumentos de avaliación.**
- 7 -Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado.**
- 8. Medidas de atención á diversidade.**
- 9. Información e publicidade.**
- 10. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.**

1- Introducción e contextualización.

Temos en conta tamén as Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Características do grupo de 3º de primaria

No momento do confinamento aumentan as desigualdades entre eles. Hai unha porcentaxe bastante elevada de alumnos e alumnas que non teñen a súa disposición equipos ou conexión a internet. Intentamos compensalo co contacto telefónico.

2-Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

Área de ciencias naturais.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
1.1 Identificar e clasificar, con criterios científicos, animais do contorno próximo, recoñecer as súas características principais e buscar información en fontes variadas.	1.1 Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno, con criterio científico.
2.1 Identificar e clasificar, con criterios científicos, plantas do seu contorno próximo, recoñecer as súas características principais e buscar información en fontes variadas.	2.1 Observa, identifica e recoñece as características das plantas do seu contorno e clasifícaas con criterio científico.
3.1 Coñecer a morfoloxía externa do propio corpo e os órganos máis importantes para o seu funcionamento.	3.1 Coñecer a morfoloxía exterior do propio corpo, os principais órganos vitais e explicar, dun xeito global, o seu funcionamento. 3.2 Explicar os cambios que se producen no noso organismo nas distintas etapas da vida.
4.1 Identificar e explicar as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso deseñando protocolos para a súa prevención.	4.1 Emprega hábitos de hixiene, de exercicio e de alimentación sa na escola. 4.2 Recoñece algúns factores causantes das enfermidades máis habituais (caries, catarros, gripe e obesidade) e aplica actuacións para á súa prevención.
5.1 Identificar, a partir de exemplos da vida cotiá, usos dos recursos naturais e consecuencias dun uso inadecuado facendo fincapé no aforro enerxético e no impacto medioambiental. 5.2 Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións para recoñecer os cambios de estado.	5.1 Coñece algunhas fontes de enerxía, os seus usos e a súa intervención na vida cotiá. 5.2 Emprega actitudes responsables de aforro enerxético e de recollida de residuos na escola. 5.3 Explica os cambios de estado da auga en fenómenos naturais e situacións da vida cotián.

Área de ciencias sociais.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
<p>1.1 Expoñer e explicar a organización social, política e territorial da contorna próxima</p> <p>1.2 Distinguir entre planos e mapas, incluíndo os planisferios, facendo sinxelas interpretacións con escalas e signos convencionais básicos sobre mapas ou planos da súa contorna próxima.</p> <p>1.3. Orientarse no espazo próximo empregando algunha técnica de orientación e instrumentos.</p>	<p>1.1 Describe a estrutura básica da organización social, política e territorial da contorna próxima.</p> <p>1.2 Diferencia entre plano, mapa e planisferios, interpreta unha escala sinxela nun mapa e identifica signos convencionais máis usuais e básicos que poden aparecer nel.</p> <p>1.3 Orientase no espazo empregando algunha técnica de orientación e instrumento.</p>
<p>2.1 Explicar que é unha paisaxe, os seus elementos básicos e recoñecer os distintos tipos de paisaxes de Galicia.</p> <p>2.2 Explicar a importancia e as consecuencias da intervención humana no medio próximo valorando a necesidade dun desenvolvemento sostible.</p>	<p>2.1 Define paisaxe, identifica os seus elementos e recoñece as diferentes tipos de paisaxe básicas na comunidade autónoma.</p> <p>2.2 Explica o impacto e as consecuencias negativas que a acción humana ten sobre o medio máis próximo</p> <p>2.3 Propón algunhas medidas para o desenvolvemento sostible e un consumo responsable.</p>
<p>3.1 Recoñecer e situar os elementos principais do sistema solar .</p> <p>3.2 Localizar o planeta Terra e a Lúa no sistema solar recoñecendo as súas características principais, movementos e consecuencias.</p>	<p>3.1 Identifica, localiza os elementos principais do Sistema Solar:</p> <p>3.2 Describe de forma sinxela os movementos terrestres, o eixe do xiro e os polos xeográficos.</p> <p>3.3 Expón, de maneira sinxela, como se produce o cambio entre o día e a noite e as estacións do ano como consecuencia dos movementos terrestres.</p> <p>3.4 Identifica a Lúa como satélite da Terra e describe algunha das súas característica principais.</p>
<p>4.1 Identificar a atmosfera como escenario dos fenómenos meteorolóxicos, coñecer algúns destes fenómenos máis frecuentes na súa contorna e explicar, de maneira sinxela como se forman as nubes e as precipitacións.</p> <p>4.2 Diferenciar entre clima e tempo atmosférico, recoñecer as tres grandes zonas climáticas mundiais e comparalas co clima do espazo no que vive.</p> <p>4.3. Explicar como se produce o ciclo da auga e as súas fases relacionándoos cos elementos da paisaxe da súa contorna próxima.</p>	<p>4.1 Identifica e nomea fenómenos atmosféricos e describe as causas que producen a formación das nubes e as precipitacións.</p> <p>4.2 Diferencia entre clima e tempo atmosférico.e nomea as tres grandes zonas climáticas do planeta e identifica algunha característica principal que se identifique co clima da súa contorna.</p> <p>4.3. Escribe ordenadamente as fases nas que se produce o ciclo da auga.</p>
<p>5.1 Distinguir entre materias primas e produtos elaborados e asocialos cos diferentes sectores produtivos e económicos da zona.</p>	<p>5.1 Diferencia entre materias primas e produtos elaborados e os asocia cos diferentes sectores produtivos e económicos da contorna.</p>

Área de matemáticas

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
<p>1.1 Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.</p> <p>1.2 Utilizar os medios tecnolóxicos de modo habitual no proceso de aprendizaxe, buscando, analizando e seleccionar información relevante en internet ou en outras fontes elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións.</p>	<p>1.1 Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, contexto do problema, pregunta realizada).</p> <p>1.2 Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas:revisa as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comproba e interpreta as solucións no contexto da situación, busca outras formas de resolución etc.</p> <p>1.3 Iníciase na utilización de ferramentas tecnolóxicas, nomeadamente a calculadora, para a realización de cálculos numéricos, para aprender e resolver problemas.</p>
<p>2.1 Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados.</p> <p>2.2 Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.</p> <p>2.3 Realizar operación e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.</p>	<p>2.1 Le, escribe e ordena números ata cinco cifras.</p> <p>2.2 Descompón, compón e redondea números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.</p> <p>2.3 Realiza cálculos numéricos coa operación de adición, subtracción, multiplicación e división enteira por un número dunha cifra na resolución de problemas contextualizados.</p> <p>2.4 Constrúe e memoriza as táboas de multiplicar, utilizándoas para realizar cálculo mental.</p> <p>2.5 Identifica e usa os termos propios da multiplicación e da división.</p>
<p>3.1. conocer el reloj de agujas.</p> <p>3.2 Conocer el reloj digital.</p> <p>3.3 Identificar horas.</p> <p>3.4. Expresar horas.</p> <p>3.5 Utilizar as equivalencias entre diversas unidades de medida da mesma magnitude.</p> <p>3.6. Coñecer o valor das moedas e billetes do sistema monetario da U.E.</p> <p>3.4 Coñecer o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea.</p>	<p>3. 1. Conoce y utiliza las unidades de medida del tiempo y sus relaciones. Segundo, minuto, hora, día, semana y año.</p> <p>3..2. Lee en relojes analógicos y digitales.</p> <p>3.3 Coñece e utiliza as equivalencias entre diversas unidades de medida da mesma magnitude.</p> <p>3.4. Coñece a función, o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas.</p>
<p>5.1 Realizar, ler e interpretar representacións gráficas dun conxunto de datos relativos ao contorno inmediato.</p>	<p>5.1 Recolle e clasifica datos de situacións do seu contorno, utilizándoos para construír táboas ou gráficas.</p> <p>5.2 Interpreta gráficas de táboas extraendo a información explícita</p>

Área de lingua castelá e literatura.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
<p>1.1 Expresarse con coherencia básica de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situación de aula.</p> <p>1.2 Recoñecer o tema e as ideas principais de textos orais breves e sinxelos de diferente tipoloxía,</p> <p>1.3 Recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais e integrala na produción propia.</p> <p>1.4 Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando a quenda de palabra e a intervención dos e das demais.</p> <p>1.5 Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar e preguntar.</p>	<p>1.1 Expresa de forma global, ideas, opinións e sentimentos con certa claridade.</p> <p>1.2 Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social, identifica o tema e selecciona as ideas principais</p> <p>1.3 Integra de xeito global os recursos verbais e non verbais para comunicarse oralmente, identificando o valor comunicativo destes.</p> <p>1.4 Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita e pregunta para asegurar a comprensión.</p>
<p>2.1 Ler en voz alta e en silencio diferentes textos.</p> <p>2.2 Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade e valorar a lectura como medio para ampliar o vocabulario, fixar a ortografía correcta e como gozo persoal.</p> <p>2.3 Utilizar de xeito guiado estratexias elementais para a comprensión lectora de textos moi sinxelos de diversa tipoloxía.</p>	<p>2.1 Le en voz alta e en silencio, sen dificultade, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade.</p> <p>2.2 Resume, respondendo a preguntas e reflectindo as ideas principais, textos de diversa tipoloxía textual.</p> <p>2.3 Identifica as palabras clave dun texto.</p> <p>2.4 Activa, de forma guiada, coñecementos previos para comprender un texto.</p> <p>2.5 Relaciona a información contida nas ilustracións coa información que aparece no texto.</p> <p>2.6 Iníciase na utilización do dicionario de xeito guiado.</p>
<p>3.1 Aplicar, con axuda, todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión e reescritura.</p> <p>3.2 Producir textos seguindo un modelo con estratexias cohesivas de xeito elemental, aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación.</p>	<p>3.1 Emprega, de xeito guiado e segundo modelos, estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.</p> <p>3.2 Escribe, con axuda e en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social,</p> <p>3.3 Respecta as normas gramaticais e ortográficas básicas, propias do nive.</p>
<p>4.1 Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.</p> <p>4.2 Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.</p>	<p>4.1 Recoñece e identifica as categorías gramaticais básicas: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar acción.</p> <p>4.2 Utiliza con corrección os tempos verbais: presente, pasado e futuro.</p> <p>4.3 Utiliza as normas ortográficas básicas.</p> <p>4.4 Utiliza, prefixos e sufixos e crea palabras derivadas.</p>
<p>5.1 Valorar os textos literarios como fonte de lecer e información.</p> <p>5.2 Facer a lectura expresiva e interpretativa de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar e recoñecer e interpretar algúns recursos da linguaxe literaria.</p>	<p>5.1 Valora e recoñece de forma global, distintos textos literarios sinxelos, como fonte de lecer e de información.</p> <p>5.2 Realiza, de xeito guiado, lecturas comentadas de textos narrativos sinxelos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e lit.actual.</p>

Área de lingua galega e literatura.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
<p>1.1 Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico.</p> <p>1.2 Amosar interese por expresarse en público coherentemente, sen contradicións, sen repeticións innecesarias e usando nexos adecuados.</p> <p>1.3 Participar nas diversas situacións de interacción oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.</p>	<p>1.1 Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela.</p> <p>1.2 Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo adecuadamente.</p> <p>1.3 Sigue unha exposición da clase e extrae o sentido global e as informacións máis relevantes, preguntando se é necesario para verificar a súa comprensión.</p> <p>1.4 Elabora e produce textos orais sinxelos (explicacións, breves exposicións, narracións curtas...) presentando as ideas cunha coherencia lineal elemental e responde preguntas aclaratorias elementais sobre o seu contido.</p> <p>1.5 Elabora un discurso oral coherente, utilizando un vocabulario adecuado á súa idade.</p> <p>1.6 Amosa un discurso oral, claro, cunha pronuncia e entoación axeitadas e propias da lingua galega.</p> <p>1.7 Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais e as opinións das persoas participantes nos intercambios orais.</p> <p>1.8 Emprega unha postura e xestualidade que transmite predisposición para interactuar cos demais.</p>
<p>2.1 Ler, en silencio ou en voz alta, textos sinxelos en galego, adaptados á súa idade e aos seus intereses.</p> <p>2.2 Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos sinxelos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis).</p> <p>2.3 Utilizar, de maneira xeral, estratexias para mellorar a lectura</p>	<p>2.1 Descodifica sen dificultade as palabras.</p> <p>2.2 Le textos sinxelos en voz alta e en silencio, sen dificultade.</p> <p>2.3 Identifica as ideas principais dun texto sinxelo (narrativo, descritivo, expositivo).</p> <p>2.4 Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo</p> <p>2.5 Identifica a estrutura xeral dun texto.</p> <p>2.6 Emprega o dicionario, de xeito guiado, para resolver as dúbidas de vocabulario que atopa nos textos.</p> <p>2.7 Deduce, de maneira xeral, o posible contido dun texto antes de lelo, axudándose do título e as ilustracións.</p> <p>2.8 Relé un texto e marca as palabras clave para acadar a comprensión.</p>
<p>3.1 Producir textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir e resumir, emocións e informacións empregando a linguaxe verbal e non verbal.</p> <p>3.2 Usar, as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.</p>	<p>3.1 Elabora, en diferentes soportes, diferentes tipos de textos seguindo un guión establecido.</p> <p>3.2 Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómics.</p> <p>3.3 Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información.</p> <p>3.4 Elabora o texto, con coherencia xeral e de xeito creativo.</p> <p>3.5 Aplica, de forma xeral, os signos de puntuación (punto, coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación).</p> <p>3.6 Aplica, de maneira xeral, a norma lingüística: ortografía, léxico, morfosintaxe.</p>
<p>4.1 Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento na mellora do uso da lingua.</p>	<p>4.1 Sinala a denominación dos textos traballados e reconece nestes, enunciados, palabras e sílabas.</p> <p>4.2 Identifica as formas verbais.</p> <p>4.3 Separa as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas.</p>

<p>4.2 Identificar palabras compostas e derivadas, así como sinónimos, antónimos e palabras polisémicas básicas, para comprender e producir textos.</p> <p>4.3 Establecer relacións elementais entre as diversas linguas que coñece ou está a aprender para reflexionar sobre como mellorar os seus procesos comunicativos na lingua galega.</p>	<p>4.4 Identifica nun texto substantivos e adxectivos.</p> <p>4.5 Sinala o xénero e número de palabras dadas e é quen de cambialo.</p> <p>4.6 Recoñece palabras derivadas e compostas.</p> <p>4.7 Recoñece e usa sinónimos, antónimos e palabras polisémicas básicas.</p> <p>4.8 Identifica diferenzas, regularidades e semellanzas sintácticas, ortográficas, morfolóxicas e léxicas moi evidentes e básicas entre todas as linguas que coñece e/ou está a aprender, como punto de apoio para a súa aprendizaxe.</p>
<p>5.1 escoitar, ler, memorizar, reproducir e valorar textos sinxelos, procedentes da literatura galega en xeral, e da literatura galega popular en particular.</p> <p>5.2 Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.</p>	<p>5.1 escoita, le, memoriza e reproduce textos sinxelos procedentes da literatura popular oral galega (adiviñas, lendas, contos, poemas, cancións, ditos) e da literatura galega en xeral.</p> <p>5.2 Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.</p>

Área de educación artística (plástica).

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
<p>B2-6. Coñecer as manifestacións artísticas máis significativas que forman parte do noso patrimonio artístico e cultural, adquirindo actitudes de respecto e valoración deste patrimonio.</p> <p>B1-2. Aproximarse á lectura, análise e interpretación da arte e as imaxes fixas e en movemento nos seus contextos culturais e históricos comprendendo de maneira crítica o seu significado e función social sendo quen de elaborar imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos.</p> <p>B2-1. Identificar o contorno próximo e o imaxinario, explicando cunha linguaxe plástica adecuada as súas características.</p> <p>B2-2. Representar de forma persoal ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.</p> <p>B2-3. Realizar producións plásticas seguindo pautas elementais do proceso creativo.</p>	<p>-1.1. Utiliza o punto, a liña e o plano ao representar o contorno próximo e o imaxinario.</p> <p>B2-2.4. Organiza o espazo das súas producións bidimensionais utilizando conceptos básicos de composición, equilibrio e proporción.</p> <p>B2-3.3. Explica coa terminoloxía aprendida o propósito dos seus traballos e as características dos mesmos.</p> <p>B2-6.1. Recoñece, respecta e valora as manifestacións artísticas máis importantes do noso patrimonio cultural e artístico, especialmente as que foron declaradas patrimonio da humanidade.</p> <p>B3-1.13. Realiza composicións utilizando formas xeométricas básicas suxeridas polo profesor ou profesora.</p> <p>B1-2.1. Analiza de maneira sinxela e utilizando a terminoloxía adecuada imaxes fixas atendendo ao tamaño, formato, elementos básicos (puntos, rectas, planos, cores, iluminación, función</p>

Área de valores sociais e cívicos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
-------------------------	---------------------------

1.1 Crear unha imaxe positiva dun mesmo/a tomando decisións meditadas e responsables, baseadas nun bo autoconceito.	1.1 Reflexiona sobre os trazos característicos da súa personalidade e verbaliza as conclusións. 1.2 Expressa a percepción da súa propia identidade, integrando a representación que fai dun mesmo ou dela mesma e a imaxe que expresan os demais.
2.1 Estructurar un pensamento efectivo empregando as emocións de forma positiva. 2.2 Adquirir capacidades para tomar decisións de forma independente, manexando as dificultades para superar frustracións e sentimentos negativos ante os problemas.	2.1 Aplica o autocontrol á toma de decisión. 2.2 Realiza un adecuado recoñecemento e identificación das súas emocións e das demais persoas. 2.3 Expressa os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas. 2.4 Emprega algunha estratexia para facer fronte á incerteza, ao medo ou ao fracaso.
3.1 Expresar opinións, sentimentos e emocións, empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal. 3.2 Utilizar habilidades de escoita e o pensamento de perspectiva con empatía. 3.3 Dialogar creando pensamentos compartidos con outras persoas para atopar o mellor argumento	3.1 Emprega apropiadamente os elementos da comunicación verbal e non verbal, en consonancia cos sentimentos. 3.2 Escoita exposicións orais e entende a comunicación desde o punto de vista da persoa que fala. 3.3 Relaciona, con axuda dunha persoa adulta, diferentes ideas e opinións para atopar os seus aspectos comúns.
4.1 Establecer relacións interpersoais positivas empregando habilidades sociais. 4.2 Actuar con tolerancia comprendendo e aceptando as diferenzas.	4.1 Emprega diferentes habilidades sociais básicas. 4.2 Participa activamente en actividades que contribúen á cohesión dos grupos sociais aos que pertence. 4.3 Respecta e acepta as diferenzas individuais. 4.4 Recoñece, e identifica as calidades doutras persoas.

3-Concreción dos bloques de contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.

Durante o terceiro trimestre traballaremos os contidos dados no 1º e 2º , considerando imposible que todo o alumnado puidese seguir as clases on line que permitirían facelo.

Nas áreas de Ciencias Sociais e Ciencias Naturais tentaremos traballar aspectos dos temas “Os traballos” e “Materia e enerxía” respectivamente. A través de sinxelas actividades, visonado de vídeos, xogos on line e algunha actividade de comprensión a partir do libro de texto.

4-Temporalización.

Área de Ciencias Naturais	U.5. Materia e enerxía.

Area de Ciencias Sociais	U.5. Os traballos.
Área de Lingua Castelá e Literatura	Actividades de repaso dos contidos 1º e 2º trimestre.
Área de Lingua Galega e Literatura	Actividades de repaso dos contidos 1º e 2º trimestre.
Área de Matemáticas	U 10 Tempo e cartos, actividades de repaso contidos 1º e 2º trimestre.
Área de Valores sociais e cívicos	actividades que promovan o respecto aos dema (tlf. Videoconferencia).
Área de Educación artística (plástica)	repaso da técnica do debuxo a través das conmemoracións (Letras Galegas, Día Libro) e das técnicas que nos mostra Leandro Lamas.

5. Concrecións metodolóxicas.

Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

Dadas as características especiais deste trimestre en confinamento o modelo metodo tentará partir das experiencias persoais, dos problemas e interese do alumnado diante deste “teletraballo” propiciando a expresión do seu pensamento emocional e vivencial.

Dadas as dificultades de parte do alumnado para conectarse seguiremos unha dobre vía. Manter contacto diario co alumnado e familias a través de correo electrónico , videoconferencia, teléfono.., para facer actividades de repaso, reforzo nas áreas de linguas e matemáticas e ampliación nas áreas de ciencias naturais e sociais. Empregaremos medios que lles resulten atractivos e que propicien a aprendizaxe dos contidos a repasar a través do xogo on line, de APPs (Galexia, Snappet).

Materials e recursos didácticos.

- Recursos do alumnado

Ordenador, tableta, teléfono, conexión internet.

- Recursos concello

Servizo fotocopiado materiais.

- Outros recursos

APP SNAPPET recursos da rede (vídeos, xogos on line...)

6- Procedementos e instrumentos de avaliación.

-Comunicación co mestre no período de confinamento (a través do correo electrónico, Abalar , teléfono , web do centro), entrega de traballos, participación (videoconferencias, manexo da aula virtual...)

-Ademais empregaremos un rexistro diario das tarefas entregadas e as súas correccións .

7 -Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

- **Áreas de Ciencias naturais, Ciencias sociais, Lingua castelá e literatura, Lingua galega e literatura e Matemáticas.**

Avaliación final, media resultados 1º e 2º trimestre (90%) Os traballos entregados durante o confinamento servirán para mellorar a nota (10%).

- **Área de Educación artística (plástica).**

Avaliación final, a cualificación terá en conta os resultados do primeiro e segundo (95%), As actividades feitas no terceiro servirán e todo caso para mellorar a nota nunca para empeoralala (5%).

8. Medidas de atención á diversidade.

Na etapa de confinamento, realizarase videochamadas para explicar e afondar en dúbidas ou chamadas telefónicas segundo as posibilidades familiares, tamén empregaremos o correo electrónico e o chat da app “Snappet”.

Estamos en contacto co departamento de orientación. A logopeda envía vídeos e actividades específicas para unha alumna de 3º B, ademais de facer un seguimento aos alumnos con máis necesidades específicas.

Recibimos apoio da profesora de PT e da orientadora.

9. Información e publicidade.

Durante o periodo de confinamento adoptamos as seguintes medidas para manter informado ao alumnado e as familias

9.1-Información ao alumnado e ás familias

Uso do correo electrónico para enviar diariamente a primeira hora da mañá as tarefas as familias.

Uso do correo electrónico para reenviar as correccións das tarefas.

Realización de titorías telefónicas coas familias para recabar información dos medios , da marcha das tarefas, do actitude d o alumnado, ou problemas que poidan xurdir.

Uso da aula virtual da páxina web do colexio.

Uso da videoconferencia para manter o contacto directo co alumnado e resolver dúbidas.

Uso do chat da app Snappet para a resolución de dúbidas sobre as actividades e animar.

9.2 -Publicidade

Publicación semanal, na web do centro, da tarefa , estruturada por días e materias.

10. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

Para medir isto empregárase a seguinte escala:

() Sinalar o grao de consecución marcando na escala do 1 (mínimo) ó 5 (máximo)*

O	O contacto e os medios foron axeitados para realizar as actividades no periodo de confinamento.					
A	As actividades desenvolvidas no periodo de confinamento permitiron ao alumnado repasar e consolidar os contidos traballados nos 2 primeiros trimestres					

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN MÚSICA 3º CURSO



Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Índice

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
